



ANUNCIO NOMEAMENTO AUXILIAR ADMINISTRATIVA INTERINA

O 05.08.2019 ditouse a Resolución da alcaldía núm. 771/2019 que di:

“[...]”

PRIMEIRO.- Nomear como funcionaria interina dunha praza do grupo: C; subgrupo: C2; escala: administración xeral; subescala: auxiliar administrativa para prestar servizos no Departamento de Servizos Sociais por acumulación de tarefas por un prazo de 6 meses :

-Cristina Ferreiro Brandón co NIF ***6579*.*.

SEGUNDO.- Requerir a Cristina Ferreiro Brandón que proceda a tomar posesión da praza de funcionaria interina nun prazo improrrogable de tres días hábiles, debendo achegar, con carácter previo, a seguinte documentación:

-Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que ten “a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas de auxiliar administrativa”.

-Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separada nin inhabilitada do servizo público.

Se no prazo indicado, non presenta a documentación requirida, o resultado do recoñecemento médico fose “non apta” ou non toma posesión do posto de funcionaria interina, quedará sen efecto o nomeamento realizado (salvo que poida acreditar un suposto de forza maior).

TERCEIRO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se entenda desestimado por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do concello.

CUARTO.- Publicar esta resolución na páxina web do Concello. “

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tlfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 -15500-FENE

CIF: P-1503600-G

CVD: bHy8VcbXBR50XS+x9bYA
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Gumersindo Pedro Galego Feal (FECHA: 05/08/2019 12:47:00)
Versión imprimible